



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 13 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:05 horas do día 13 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 11-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.
D. Pedro María Vázquez.
D. Secundino Otero Failde.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).

Comprobada a documentación presentada polos licitadores aos que se lle requeriu a subsanación da declaración xurada presentada a Mesa acorda por unanimidade:

1º.- Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores que se citan a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:25	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94C-CHD7B4-41BA37-XEGG83-KFESMB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Combina Social,S.L.
2. Eulen, S.A.
3. Viraxes S.L.

2 Excluir os licitadores que se relacionan a continuación polas causas que se citan:

Multiserga, S.L.: Por non declarar a solvencia técnica en actividades similares ao obxecto do contrato

Limpiezas Cies, S.L.: Por non declarar a solvencia técnica en actividades similares ao obxecto do contrato xa que só declarou servizos de limpeza e non de mantemento ou conserxería.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

Comprobada a documentación presentada polos licitadores aos que se lle requeriu a subsanación da declaración xurada presentada a Mesa acorda por unanimidade:

1º.- Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores que se citan a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

INTUR SPORT, S.L.

EMSEBUR,S.L.

2ª Excluir os licitadores que se relacionan a continuación polas causas que se citan:

AP 10, S.L.: por non aclarar o obxecto social da empresa e a solvencia económica financeira e técnica.

2.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).

En acto público abriuse o sobre B "Documentación técnica" das ofertas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:25	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94C-CHD7B4-41BA37-XEGG83-KFESMB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A vista do contido da documentación presentada a Mesa acorda por unanimidade excluir da licitación a oferta presentada por Udine Servicios Integrales S.L. xa que o soporte dixital que contén a oferta técnica non ten contido. **A Mesa solicita que polo servizo de Administración electrónica se emita informe para confirmar que o soporte dixital carece de contido**

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

En acto público abriuse o sobre B "Documentación técnica" das ofertas presentadas.

Asiste ao acto público de apertura de ofertas:

Dna. María Isabel Otero Soto en nome de Cruz Roja Española

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

Faise entrega do informe do Técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas de 11-04-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

4-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:25	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94C-CHD7B4-41BA37-XEGG83-KFESMB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

A mesa por unanimidade acéptase o informe do Técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas de 11-04-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

5.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento **aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).**" no seguinte orde decrecente:

Newlink Education, S.L. 98,75 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Newlink Education, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 736,12 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:50 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:25	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94C-CHD7B4-41BA37-XEGG83-KFESMB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:25	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94C-CHD7B4-41BA37-XEGG83-KFESMB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		